



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E COMPOSICIÓN TRIBUNAL DE SELECCIÓN. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2023.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000272 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2023/A008/000012 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2023/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 257/2023, de 20 de Xuño de 2023, aprobouse a lista de admitidos e excluídos en relación coa convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peón para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023.

Visto que a aprobación da lista de admitidos e excluídos foi publicada na páxina web, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia deste concello.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por Decreto de Alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Admitir definitivamente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peón para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.



ADMITIDOS:

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
20230000000620	329472**S	Pedre Pupo, Norge
20230000000628	093650**R	Garcia Pedrero, José Eladio
20230000000640	Y96741**E	Horta Lastre, Ariel

TERCEIRO.- Nomear o tribunal encargado da selección que estará integrado por:

Presidente: María Trinidad Veiras Freiras, Técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar.

Suplente: Ana Belén Vazquez Garea, Técnico de intervención familiar do Concello de Vilasantar.

Secretaria: Maria Chao Carballeira, Secretaria do Concello de Vilasantar.

Suplente: Maria Isabel Novo López, Administrativa do Concello de Vilasantar.

Vogal: Salvador García Quintela, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: M^a Montserrat Varela Vazquez, Traballadora social do Concello de Vilasantar.

Vogal: Alberto Labandeira Fontecoba, Peón de mantemento do Concello de Vilasantar.

Suplente: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar administrativo do Concello de Vilasantar.

Vogal: José Manuel Boado Sánchez, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

Suplente: David Novo Mato, Peón tractorista do Concello de Vilasantar.

CUARTO.- Convocar ós candidatos admitidos o día 26/06/2023 ás 9.30 horas para a realización do proceso selectivo.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

SEXTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.